



## PAUTAS XERAIS DE ATENCIÓN A PERSOAS CON DISCAPACIDADE SENSORIAL VISUAL

### 1. Aspectos xerais

Entendemos por discapacidade visual calquera alteración do sentido da vista, total ou parcial. A perda total corresponderíalles ás persoas que teñen ausencia total de visión e a parcial cando posúen restos visuais que lles permiten orientarse pola luz e pola percepción de volumes.

As persoas con discapacidade visual permanente son as que presentan unha perda visual nun ollo ou en ambos os dous e que, a pesar dos tratamentos médicos e ópticos, non poden adquirir unha visión normal. Para clasificalas débense ter en conta criterios como o grao de diminución da visión, o momento de aparición do problema e a presenza, ou non, de trastornos asociados.

### 2. Capacidades e necesidades

Unha persoa con discapacidade visual posúe as mesmas características evolutivas (cognitivas, sociais...) que unha con visión, aínda que precisará estímulos e/ou adaptacións específicas nalgúns momentos do seu proceso educativo.

As principais necesidades atópanse:

- No acceso á información visual (carteis indicativos, taboleiros, encerados, pantallas...), que require doutras canles como a vía táctil ou a vía acústica que, xunto co emprego de axudas técnicas como as lupas, os sistemas de aumento de pantalla nos ordenadores ou os aparellos de tiflotecnoloxía (Braille'n Speak), facilitan o seu acceso.
- Na mobilidade e na orientación (transporte, desprazamentos entre facultades, escolas, despachos e aulas) para mellorar a súa autonomía mediante o emprego de distintos recursos como os cans guía, os bastóns, o apoio do persoal técnico de rehabilitación de entidades como a ONCE ou mesmo a compañía de voluntariado.

### 3. Pautas xerais

- Presentarémonos sempre antes de dirixirnos a estas persoas para que saiban con quen están falando, do mesmo xeito que deberemos avisalas cando marchemos.
- Tomaremos a súa man con suavidade se queremos saudalas.
- Falaremos cun ton de voz normal, xa que a súa discapacidade é visual, non auditiva.

- Usaremos con naturalidade palabras como «ver» ou «mirar», xa que elas mesmas adoitan utilizalas con normalidade.
- Evitaremos outras palabras tan comúns como «aquí, isto, alí...», que normalmente van acompañadas de xestos e que non significan nada para elas. Substituírémolas por «á túa esquerda, diante túa...», que lles serán de moita máis axuda a estas persoas con problemas de visión.
- Substituiremos as exclamacións xenéricas e indeterminadas como «coidado» por outras máis informativas como «para, espera...».
- Deberemos ter sempre presente que hai conceptos que aparentemente nos poden resultar obvios, pero dos que as persoas con discapacidade visual poden ter unha idea diferente, xa que a percepción que teñen dos obxectos normalmente é a través doutros sentidos diferentes ao da vista.
- Situarémonos e camiñaremos diante delas se temos que acompañalas e deixaremos que sexan elas as que nos suxeiten para, así, indicaren a dirección. De todos os xeitos, debemos preguntarlles abertamente antes de ofrecerlles a axuda, xa que o feito de que teñan unha discapacidade visual non quere dicir que sempre precisen do noso apoio.
- Anunciarémoslles sempre o primeiro e o último chanzo dunha escaleira, e poñeremos a súa man no pasamáns se o desexa.
- Deixaremos as portas e as ventás das habitacións, salas, despachos... abertas ou pechadas, nunca entreabertas.

#### 4. Pautas na aula

- Facilitarémoslle ao alumnado o material con antelación para que siga os exercicios e os apuntamentos; se é posible en formato electrónico para que o poida ler no seu ordenador. Ademais, é conveniente que se sente nas primeiras filas para escoitar mellor.
- Pronunciaremos en voz alta o que se está a escribir no encerado ou a mostrar nas diapositivas e usaremos unha linguaxe descritiva; de ser o caso, poderanse substituír estas imaxes por recursos táctiles como gráficos en relevo...
- Permitiremos tanto a presenza de cans guía como a utilización de recursos técnicos imprescindibles como gravadoras.
- Utilizaremos e facilitaremos a instalación dos programas e dos accesorios necesarios para que o alumnado poida utilizar o ordenador.
- Formularemos alternativas e/ou adaptacións nos exames, como o exame oral, o exame virtual, unha maior duración nas probas, a transcripción ao braille...).